

PROPOSTA DE ACTIVIDADES MUSICAIS PARA 2º CICLO

Ola de novo rapaciños e rapaciñas! Estamos xa, na derradeira quincena de propostas de actividades musicais. Agardo que vos resultaran doadas, amenas, lúdicas e atractivas de realizar pero sobre todo que disfrutáades repasando os contidos e aspectos da Educación Musical.

Aquí vos deixo, polo tanto, as últimas actividades para desenvolver:

1ª_ A que lugar ou lugares viaxarías para coñecer a súa música e bailes tradicionais?: imaxina unha viaxe musical, colle un mapamundi ou un globo terráqueo diante e busca lugares aos que che gustaría chegar e mergullarte na súa cultura sobre todo musical. Investiga, escoita e observa sobre ela.

2ª_ Conto musical: teño imaxinación e con esto basta, atrevete a inventar un conto onde lle concedas especial importancia a todos eses sons, onomatopeias, cancións...que poidan xurdir dese conto. Unha vez que o teñas ideado escenifícalo con esos sons musicais (abrir unha porta, pasos, risas, berros, soplar, enrugar un papel...)

3ª_ “Soco, bate, vira”: no seguinte enlace tendes unha canción para traballar a percusión corporal, a psicomotricidade e a atención cun xogo de mans.

<https://youtu.be/O-17lpAYqlA>

4ª_ Audición musical: a continuación no seguinte enlace visualizarás e escoitarás a banda sonora principal de *Harry Potter* onde terás que ir seguindo a percusión corporal do musicograma.

<https://youtu.be/uOuli0avCwU>

5ª_ “Oh, Susana”: para a seguinte actividade precisas dous vasos de plástico. Neste enlace tendes o vídeo tutorial para poder realizar o acompañamento cos vasos para a canción de **Oh, Susana!**

https://youtu.be/Y6zBJz_Dj0s

6ª_ Elaboración dun instrumento musical: a continuación déixovos un tutorial para construír un instrumento musical con materiais reciclados (dúas culleres de plástico, celo e un folio)

https://youtu.be/btdlBwd_ozI

Lembrede que podedes repasar ou facer, se tedes algunhas pendentes e na medida das vosas posibilidades, actividades musicais das semanas anteriores.

Sen máis, decirvos que espero poder veros a tod@s en setembro en esa “nova normalidade”.

Biquiños a tod@s!!!

Rebeca